



**Asociación
O FERRADO**

Centro cultural Simón Varela s/n
15984 Asados – Rianxo

Correo: asociacionoferrado@gmail.com

Web: <http://ow.ly/TbUp30eDYDf>

A exposición Primeira Década das Letras pecha este domingo en Boiro

Boiro, 2 de outubro.

O Programa Letras ó Camiño segue o seu percorrido e dende o 22 de setembro estase a levar a cabo en Boiro. Na casa da cultura Ramón Martínez López pódese visitar a exposición Primeira Década das Letras. Esta mostra ten como obxectivo facer un achegamento desde unha perspectiva actual á obra dos escritores aos que foi dedicado o Día das Letras Galegas nas súas dez primeiras edicións. O Programa, promovido pola Asociación Cultural O Ferrado de Asados, complementase co Proxecto Poetas Descoñecidos.

O próximo xoves farase un acto de peche no que o presidente da Asociación, Rafael Piñeiro, fará entrega ao Alcalde de Boiro, Juan José Dieste, do Broche dos Bos e Xenerosos. O Ferrado quere agradecer deste xeito a colaboración ofrecida polo Concello no desenvolvemento desta iniciativa, subvencionada pola Deputación da Coruña.

Boiro convértese así na segunda parada desta exposición itinerante, que percorrerá Galiza nos próximos meses, e aínda se pode ver de xeito gratuíto ata o 7 de outubro na Casa de Cultura de Boiro. Persoeiros como Castelao, Rosalía ou Curros comparten protagonismo nos dez paneis que a compoñen con outros escritores menos coñecidos como Añón ou Lamas Carvajal.

O Proxecto Poetas Descoñecidos, pola súa parte, pretende dar a coñecer obras escritas en galego de autores xa falecidos que non fosen divulgadas. As persoas que queiran ver publicados os relatos ou poemas dos seus devanceiros poden poñerse en contacto coa Asociación no correo asociacionoferrado@gmail.com ou na páxina de Facebook da Asociación O Ferrado.